

RESUME DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA PARA 1º ESO

Obxectivos para 1º ESO:

1. Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica.
2. Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.
3. Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa.
4. Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.
5. Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.
6. Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.
7. Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.
8. Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.
9. Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.
10. Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas,

utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.

Criterios sobre a AVALIACIÓN, a CUALIFICACIÓN e a PROMOCIÓN do alumnado:

Entendemos por avaliación a valoración do grao de dominio das competencias básicas do ámbito lingüístico e literario, asemade das competencias clave. A observación directa da actitude, o comportamento na aula, o esforzo, a relación cos outros alumnos e alumnas e o interese amosado pola materia, entre outros, serán instrumentos utilizados para a avaliación de competencias clave como a CAA, a CSC, a CCEC e a CSIEE.

En 1º ESO teranse en conta os seguintes criterios para establecer a nota da avaliación:

a) Valoración do progreso individual a través de probas escritas (60% da nota total da avaliación).

b) Oralidade: (10%) valoraranse as exposicións orais, a utilización espontáneo do galego na aula, o rexeitamento de prexuízos e o respecto pola quenda de palabra cos compañeiros.

c) Lectura obrigatoria dun libro por trimestre (20%). Cada trimestre o alumnado terá que ler unha obra literaria, que se valorará cunha proba escrita ou ben cun traballo guiado pola docente.

d) Traballo diario (10%), onde se valorará o ter feito as tarefas da aula, o aproveitamento diario da clase e o seguimento das instrucións dadas pola docente.

A AVALIACIÓN ORDINARIA E A RECUPERACIÓN DURANTE O CURSO:

O alumnado que teña as tres avaliacións aprobadas superará o curso. A nota final será a media ponderada das tres avaliacións (30% a primeira, 30% a segunda e 40% a terceira) e para aprobar deberá acadarse un mínimo de 5 puntos.

Cualificación final do curso:

O alumnado que acade unha nota media das tres avaliacións de 5 ou máis puntos terá a materia aprobada. O alumnado que en xuño non consiga unha media igual ou superior a 5 e teña unha soa avaliación suspensa deberá realizar un exame de recuperación desa avaliación para obter a nota necesaria que lle permita alcanzar a media esixida para aprobar. Con dúas avaliacións suspensas non se fará media. O alumnado nesta situación deberá realizar un exame de recuperación de toda a materia (os tres trimestres). Agora ben, o alumnado con dúas avaliacións suspensas con 4 e que obteña unha media aritmética de 5 ou superior non necesitará facer a proba final.

Redondeos:

Segundo a Orde do 9 de xuño de 2016, a nota media das cualificacións numéricas obtidas será redondeada á centésima máis próxima, e en caso de equidistancia, á superior.

Puntualizacións importantes:

-Non se realizarán probas de recuperación trimestrais, xa que esta se posibilita por medio da adecuada progresión ao longo do curso mediante a compensación dunhas avaliacións coas outras.

-O plaxio en traballos ou en probas escritas implica unha nota de 0 neste traballo ou exame.

-Na corrección de exames, redaccións e traballos puntuables, por cada erro de ortografía e expresión baixárase 0,05 por faltas leves e 0,10 por faltas graves. Poderase baixar ata un máximo de 2 puntos (sobre 10) por traballo e/ou proba escrita.